



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

De conformidade co disposto na convocatoria e bases aprobadas polo Concello de Baleira, Lugo, correspondientes ó proceso de estabilización de emprego temporal, unha vez rematada a culificación dos/as aspirantes presentados/as, faise pública a seguinte relación de aspirantes por orde de puntuación:

POSTOS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR SELECCIONADOS POR CONCURSO

Concursante	Cualificación final
María Jesús González Porteiro	100
M.ª Amparo López Fernández	100
María Lourdes Díaz Portela	100
Digna María Fernández Yañez	93,52
Alicia García Iglesias	72,98
Mónica López Ruiz	75,49
Eva Fernández Prieto	75,21
Mercedes Suárez Fernández	51,95
María Montserrat Álvarez Gegundez	28,93
Encarnación Pin Díaz	20,75
Rocío Alonso Freire	15,05

Segundo o disposto nas bases polo Tribunal Cualificador propónse, por unanimidade, a contratación das seguintes candidatas ,ó ser as que maior puntuación obtiveron :

MARÍA JESÚS GONZÁLEZ PORTEIRO.

MARÍA AMPARO LÓPEZ FERNÁNDEZ

MARÍA LOURDES DÍAZ PORTELA

DIGNA MARÍA FERNÁNDEZ YAÑEZ.

POSTOS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR SELECCIONADOS POR CONCURSO-OPOSICIÓN:

Concursante	Cualificación total
Eva Fernández Prieto	92,00
Estefanía Pena Castro	80,00

Alicia García Iglesias	76,00
Mónica López Ruiz	76,00
Tamara Fernández Fernández	74,88
Mercedes Suárez Fernández	74,78
Sonia Fernández Ares	68,01
Verónica Alonso López	68,00
Rocío Gómez Fernández	60,28
Encarnación Pin Díaz	50,66
Josefa Rodríguez Fernández	45,46
Anabel Souto Gómez	40,00
María Montserrat Álvarez Gegundez	39,76
Lidia Díaz Álvarez	12,00

Segundo o disposto nas bases polo Tribunal Cualificador propónse, por unanimidade, a contratación das seguintes candidatas ,ó ser as que maior puntuación obtiveron

Eva Fernández Prieto
Estefanía Pena Castro
Alicia García Iglesias
Mónica López Ruiz
Tamara Fernández Fernández
Mercedes Suárez Fernández

POSTO DE LIMPIADOR/A A XORNADA COMPLETA POR CONCURSO.

Concursante	Cualificación final
Fina Brañas Riveiro	100,00 puntos
Brais Calles Aonso	10,00 puntos
Rocío Alonso Freire	0,00 puntos

Segundo o disposto nas bases polo Tribunal Cualificador propónse, por unanimidade, a contratación de FINA BRAÑAS RIVEIRO .

POSTO DE LIMPIADOR/A A XORNADA PARCIAL POR CONCURSO.

Concursante	Cualificación final
M. ^a Carmen Linares Neira	90 puntos
Brais Calles Aonso	10,00 puntos
Lidia Díaz Álvarez	0,00 puntos

Marta Ares Neira	0,00 puntos
------------------	-------------

Segundo o disposto nas bases polo Tribunal Cualificador propónse, por unanimidade, a contratación de M.^a Carmen Linares Neira, ó ser a candidata que maior puntuación obtivo no concurso.

POSTO DE ORDENANZA A XORNADA COMPLETA POR CONCURSO:

Concursante	Cualificación final
Elsa Méndez Fernández	21,28 puntos
María Begoña López Gómez	13,46 puntos
Sabela Seijas Castedo	10,00 puntos
Brais Calles Alonso	10,00 puntos

Segundo o disposto nas bases polo Tribunal Cualificador propónse, por unanimidade, a contratación de ELSA MÉNDEZ FERNÁNDEZ, ó ser a candidata que maior puntuación obtivo no concurso.

As/os candidatas/os propostas/os deberán acreditar ante o Concello, no prazo de vinte días hábiles dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e segundo o disposto nas bases, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

RÉXIME DE RECURSOS: sen presuíxo das alegacións ou solicitudes que as persoas aspirantes consideren oportuno realizar, contra as resolucións do Tribunal Cualificador e os seus actos de trámite cualificados poderáse interpoñer, para esgotar a vía administrativa, recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Baleira, 29 agosto do 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2781

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 28/08/2023 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **4º bimestre do 2023**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/09/2023 e 31/10/2023 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/09/2023. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 28 de agosto de 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2782

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-0774 de data 30/08/2023 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección que se levará a cabo para a contratación dun/dunha peón para a Area de mantemento e servizos-Unidade de obras mediante contrato de relevo vinculado á xubilación parcial do titular da praza:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL (CONTRATO DE REVELO) DUN/DUNHA PEÓN PARA A AREA DE MANTENIMENTO E SERVIZOS-UNIDADE DE OBRAS.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación con carácter temporal dun/dunha Peón para a Area de mantemento e servizos-Unidade de obras (grupo de cotización 10) mediante contrato de relevo vinculado á xubilación parcial do titular da praza.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>) e estarán a disposición das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Concello.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

Funcións do posto:

- Execución das operacións correspondentes a súa unidade segundo instrucións do capataz responsable da mesma.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

A retribución bruta mensual será segundo Convenio aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela: salario grupo E; complemento de destino nivel 14 e complemento específico 147,070 €.

Percibiranse así mesmo dúas pagas extraordinarias, devengándose nos meses de xuño e decembro.

2.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou título equivalente ou superior. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

d) Estar en posesión do permiso de conducir clase "B".

e) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Estar inscrito como desemprego en calquera Oficina do Servizo Público de Emprego ou ben ter subscrito co Concello de Burela un contrato de duración determinada. Non se terá en conta a demanda por mellora de emprego.

O contrato de relevo celebrarase cun traballador/a en situación de desemprego ou que teña concertado co concello un contrato de duración determinada, segundo establece o artigo 12.7 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Así mesmo o Tribunal ten a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquel/aquela aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento na realización dos exercicios que integran o proceso.

3.- MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato de relevo vinculado a xubilación parcial, a xornada completa e a súa duración estenderase dende a sinatura do contrato ata a data na que o traballador substituído alcance a idade de xubilación ordinaria que corresponda conforme ao establecido no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Se, ao cumprir dita idade, o traballador xubilado parcialmente continuase na empresa, o contrato de substitución que se celebrou por duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo coas partes por períodos anuais, extinguíndose en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano no que se produza a xubilación total do traballador relevado -artigo 12.7 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro-.

A contratación do relevista queda condicionada á oportuna concesión da xubilación parcial ao titular da praza.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1. Forma de presentación. As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes á Sra. alcaldesa do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres ou mediante rexistro telemático na sede electrónica do Concello de Burela as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do servizo de Correos.

4.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de dez (10) días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

4.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polas persoas aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

5.-DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.

b) Fotocopia compulsada do título académico esixido e do permiso de conducir clase "B".

c) Certificado expedido polo Director/a da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempregado que acredite esta circunstancia ou, no seu caso, copia do contrato temporal subscrito con esta Entidade Local.

d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases (Celga 1 ou equivalente). De carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista na base 8.1.3.

e) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá ás persoas interesadas para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Nos supostos de presentación por vía electrónica substitúese a esixencia de presentación de fotocopia da documentación pola de presentación de copia dixitalizada.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1. Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de persoas admitidas non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

6.2. Prazo de alegacións. Concederase un prazo improrrogable de 5 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por correo electrónico (controldexestion@burela.org) dentro do prazo de 5 días hábiles sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento das persoas interesadas, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

6.3. Listaxe definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de persoas admitidas e excluídas poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir exclusións a listaxe provisional ditarase con carácter de definitiva.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1.- Composición do Tribunal. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes. De tódalas reunión que faga o Tribunal, o secretario/a redactará acta.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da

convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A Resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

7.2.- Abstención e recusación. Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollos ao órgano convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

A alcaldesa ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación.

Esta resolución farase pública nos mesmos lugares que a anterior.

7.3.- Actuación do Tribunal. O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, o tribunal deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O sistema de selección é o de concurso-oposición.

8.1.- FASE DE OPOSICIÓN.

8.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria (anexo I). O tempo máximo para realizar este exercicio será de 30 minutos.

Cada resposta acertada puntuarase con 0,50 puntos. As preguntas sen contestar ou contestadas incorrectamente non contabilízanse.

O exercicio que propoña o Tribunal terá catro preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán en orde correlativo da primeira á última, ás preguntas que, se é o caso, puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación.

Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para ter a condición de apto e poder realizar a seguinte proba.

8.1.2.- Proba práctica: Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dunha proba proposta polo Tribunal, inmediatamente antes do seu inicio, e que contemplará un ou varios supostos concernentes ás funcións da categoría e posto de traballo, nun tempo máximo de dúas horas.

O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos por cada membro do Tribunal. A puntuación final de cada aspirante será igual ao cociente resultante de dividir o total da cualificación obtida entre o número de membros do Tribunal. Requirirase un mínimo de 5 para ter a condición de apto e poder realizar a seguinte proba.

Se o Tribunal o estima poderá dialogar sobre as materias obxecto desta proba e pedir as aclaracións oportunas aos aspirantes cando o considere preciso.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

8.1.3.-Proba de galego.

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 20 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentos da súa realización as persoas aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de instancias o Celga 1, equivalente ou superior.

8.2. FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ás persoas aspirantes que superasen tódalas probas.

Consistirá na valoración dos méritos aportados e debidamente xustificadas polas persoas aspirantes e non terá carácter eliminatorio.

Puntuación máxima nesta fase: 6 puntos.

Baremo de méritos:

8.2.1.Experiencia: ata un máximo de 2,5 puntos

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais ou similares realizando funcións nas áreas de albanería, fontanería, pintura, carpintería, electricidade ou xardinería: 0,15 puntos, ata un máximo de 1,50 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas en postos de traballo iguais ou similares realizando funcións nas áreas de albanería, fontanería, pintura, carpintería, electricidade ou xardinería: 0,10 puntos ata un máximo de 1 punto.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. O computo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral. Para estes efectos, sumaranse de forma independente en días todos os períodos correspondentes a cada un dos apartados antes detallados, dividíndose o resultado por trinta, computándose como mes completo. Depreciaranse os días do resultado final que sexan inferiores a 30 días.

8.2.2. Formación académica. ata un máximo de 1 punto.

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

8.2.3. Formación complementaria: ata un máximo de 2 puntos

Por cursos, xornadas, congresos e convencións que versen sobre materias relativas ó posto de traballo a desempeñar (albanería, fontanería, pintura, carpintería, electricidade, xardinería prevención de riscos laborais) concederase ata un máximo de 2 puntos con arranxo á seguinte escala:

- De máis de 100 horas: 1 punto.
- De 71 a 100 horas: 0,75 puntos.
- De 21 a 70 horas: 0,50 puntos.
- De 10 a 20 horas: 0,25 puntos.
- Inferior a 10 horas e asistencia a xornadas, congresos e convencións: 0,10 puntos.

8.2.4.Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Celga 2 ou equivalente: 0,10 puntos.
- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

a) Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Experiencia profesional: mediante certificación expedida polo organismo oficial no que se prestaron onde consten as funcións realizadas ou contrato de traballo inscrito no Servizo Público de Emprego. Aportarase igualmente informe de vida laboral.

9.2. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

9.3. Cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

Non se valorarán os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

10.- CITACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da primeira proba da fase de oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización do resto das probas non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

Os resultados das probas e do concurso de méritos publicaranse así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Calquera alegación, suxestión, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal ou calquera outra circunstancia relativa ao desenvolvemento das probas, poderase presentar durante os dous días hábiles seguintes á publicación do correspondente anuncio na sede electrónica do Concello, sendo o Tribunal cualificador quen decida sobre as mesmas.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezado o exercicio, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición, sempre que se teña alcanzada na fase de oposición a puntuación mínima necesaria para considerala superada, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor da persoa aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición. De non ser iso suficiente, acudirase para resolvelo á puntuación obtida na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde na que figuran na base 8ª.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

12. - PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da listaxe de persoas aspirantes seleccionadas, formulará proposta de contratación ante o Sra. Alcadesa, sen que poidan ser propostos máis aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva coas persoas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato. Os chamamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal que a entidade decida atender, chamando sempre por orde de lista de reserva. De darse o caso, o/a aspirante deberá presentar no concello a documentación recollida na cláusula seguinte.

A lista de reserva o será exclusivamente aos efectos de cobertura de renuncias en relación coa contratación vinculada ao proceso selectivo obxecto destas bases, non outorgando aos integrantes da mesma dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), o/a aspirante proposto/a presentará con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.
- Fotocopia compulsada do título académico esixido e do permiso de conducir.
- Certificado actualizado da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempleado no que conste esta circunstancia, no seu caso.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta co número de afiliación á Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 2ª, non poderá ser contratado/a e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incurrir.

No caso de presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela, admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral na modalidade de contrato de relevo.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

17.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As persoas interesadas autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.”

ANEXO I**Temario**

- 1.- A Constitución Española de 1978. O título Preliminar. Os dereitos fundamentais. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma.
 - 2.- O municipio. A organización municipal. Órganos necesarios e complementarios .
 - 3.- O persoal ao servizo das Corporacións locais. O persoal laboral
 - 4.- Formigón: compoñentes, tipos de formigón, clasificación e fabricación.
 - 5.-Tabiques: Tipos, elementos que os compoñen. Clases de peches, materiais a empregar en cada un deles.
 - 6.- Materiais compostos. ferramentas, dosificación, morteiros ordinarios e específicos. Tipoloxías, usos e acabados.
 - 7.-Carpintería: ferramentas utilizadas, tipos de ensambles, portas, xanelas, revestimentos verticais e horizontais.
 - 8.-Pintura e vernizado: ferramentas e maquinaria utilizada. Tipos, elementos que o compoñen. Cálculo de superficies de pintura.
 - 9.-Fontanería. Calefacción. Tipos. Elementos que compoñen cada instalación. Xardinaría: ferramentas e maquinaria.
 - 10.- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: dereitos e obrigas. Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Burela, 31 de agosto de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2795

CERVANTES*Anuncio***Expediente núm.: 58/2023**

Por acordo de pleno de data 20 de xullo de 2023 rectificouse o error material existente nas Bases de Excusión do Orzamento do exercicio 2023 aprobadas no Pleno de data 22 de febreiro de 2023 da seguinte maneira:

Onde di:**2.-Las subvenciones nominativas recogidas en el presupuesto responden al siguiente detalle:**

“Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Motivo	Importe euros
--------------------------	--------------	--------	---------------

Se prevén en bases de execución del presupuesto las siguientes subvenciones nominativas:

- 135.480..... *AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE CERVANTES.....2.500 € pago de seguros, equipamiento y vestimenta, epi, equipos de comunicación etc.*
- 324.480.....*ANPA CPI DE SAN ROMÁN DE CERVANTES.....400,00 € para o desenvolvemento de actividades extraescolares e culturais.*
- 324.480.....*CPI CERVANTES1.800,00 € para o desenvolvemento de actividades culturais, recreativas, viaxes etc.*
- 338.480.....*ASOCIACIÓN VAL DOS CORZOS.....1.200€ para a realización da Festa de San Román.....*
- 432.480.....*ASOCIACION TERRITORIO VERDE..... 5.000,00 € para a realización da Feira de Gando en San Román.*
- 334.480.....*ASOCIACIÓN A CAMBELA.....1.570,00 € para a realización de actividades musicais, cantos de taberna etc realizados no termo municipal.*

Corresponde a la Junta de Gobierno Local adoptar los acuerdos que impliquen directa o indirectamente el otorgamiento de subvenciones de carácter nominativo.”

Debe decir:

“2.-Las **subvenciones nominativas** recogidas en el presupuesto responden al siguiente detalle:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Motivo	Importe euros
-------------------------	--------------	--------	---------------

Se prevén en bases de ejecución del presupuesto las siguientes subvenciones nominativas:

-135.480..... AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE CERVANTES.....2.500 €
pago de seguros, equipamiento y vestimenta, epi, equipos de comunicación etc.

-324.480..... ANPA CPI DE SAN ROMÁN DE CERVANTES.....400,00 € para o desenvolvemento de actividades
extraescolares e culturais.

-324.480.....CPI CERVANTES1.800,00 € para o desenvolvemento de
actividades culturais, recreativas, viaxes etc.

-338.480.....ASOCIACIÓN VAL DOS CORZOS.....1.200€ para a realización da Festa de San Román.....

-432.480.....ASOCIACION TERRITORIO VERDE..... 5.000,00 € para a realización da Feira de Gando en
San Román.

-334.480..... ASOCIACIÓN OS XARDOIS.....1.570,00 € para a realización de actividades
musicais, cantos de taberna etc realizados no termo municipal.

Corresponde a la Junta de Gobierno Local adoptar los acuerdos que impliquen directa o indirectamente el otorgamiento de subvenciones de carácter nominativo.”

Cervantes, 29 de agosto de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2783

FRIOL
Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 10/2023, (cuarto de competencia do Pleno), para crédito extraordinario, financiado por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e tres, por un importe total de ONCE MIL CINCOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (11.546,93 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.320.481,06.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.259.556,24.-
3.- Gastos financeiros.....	6.100,00.-
4.- Transferencias correntes.....	187.523,44.-
6.- Inversións reais.....	1.540.866,39.-
7.- Transferencias de capital.....	56.400,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.370.927,13.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 30 de agosto de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2784

LOURENZÁ*Anuncio***S.A.F. XULLO 2023****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 08 de agosto de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xullo de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil tres euros con noventa e nove céntimos de euro (4.003,99€), tres mil seiscentos cinco euros con oitenta e seis céntimos de euro (3.605,86€) correspondente a dependencia, e trescentos noventa e oito euros con trece céntimos de euro (398,13€) son de libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 8 de agosto de 2023.- A Alcaldesa – Presidente, Asdo.: D^a. Rocío López García.

R. 2785

*Anuncio***XIMNASIO XULLO DE 2023****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data **31 DE XULLO DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **XUÑO DE 2023** por importe de **938,65 EUROS (NOVECIENTOS TRINTA E OITO CON SESENTA E CINCO EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 31 DE XULLO DE 2023.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 2786

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 23/08/23 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao segundo trimestre do 2023, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ó 20 de setembro do 2023.

Lourenzá, 23 de agosto do 2023.- A ALALDESA, Rocío López García.

R. 2787

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 20 de xullo de 2023 adoptou o acordo número 20/564 de aprobación **das bases polas que se regula a concesión de subvencións ás asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo**, o que se fai público a través do presente anuncio:

PRIMEIRO.- Convocatoria dunha subvención dirixida a asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no concello de Lugo para o ano 2023 de conformidade co establecido nestas bases.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto inicial de **10.000 euros** con cargo á **partida do vixente orzamento municipal 32000.48900**.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes “BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO 2023”.

1º.- Obxecto e finalidade da subvención

Estas bases teñen por obxecto a concesión dunha subvención ás asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado.

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nestas bases, na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; no que proceda á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; así como á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa xeral de aplicación.

2º.- Contía que se vai subvencionar

O importe inicial destinado a estas axudas ascende a **10.000 €**. A convocatoria financiarase con cargo á partida 32000.48900 do vixente orzamento do Concello de Lugo.

Ao terse establecido como exceptuado o requisito de fixar unha orde prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, establécese un límite máximo de 2.000 € por asociación, sempre e cando non se supere o orzamento de 10.000 €. De ser así, reducirase proporcionalmente o límite máximo.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade ou acción para a que se solicita subvención, segundo orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

No caso de presentarse algunha federación de asociación de nais/pais, o programa de actividades non poderá ser coincidente co que presenten as súas asociacións integrantes.

A concesión desta subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva entre as asociacións que cumpran os requisitos desta convocatoria.

3º.- Actuacións subvencionables

A subvención terá que ir dirixida a **actividades formativas** para nais e pais de alumnos/as de ANPAS de centros educativos sostidos con fondos públicos, sen que en ningún caso poida estar destinada a eventos de carácter exclusivamente lúdico nin á realización de actividades extraescolares do alumnado. Poderán subvencionarse actividades destinadas a familias nas que participen as nais/pais/ ou titores legais xunto cos seus fillos e fillas.

Terán a consideración de gastos subvencionables, de acordo co disposto no parágrafo anterior, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e, concretamente, serán subvencionables:

- b) Gastos de desprazamento/aloxamento imprescindibles para o desenvolvemento da actividade formativa para realizar.
- c) Gastos de persoal: facturas de conferenciantes, monitores e outros profesionais de cursos para o desenvolvemento da actividade.
- d) Gastos de publicidade e imprenta, fotocopias, consumibles de oficina e doutra índole, de material non inventariable imprescindible para a realización da actividade. Non poderá superar o 20% do orzamento que se presente e que sexa obxecto de valoración.

Non serán subvencionables:

- a) Os gastos de degustación gastronómica e de bebidas de calquera tipo. En todo caso, terá esta consideración a organización de comidas, catering etc. Agás gastos de manutención de relatores/as.
- b) Os gastos de investimentos, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- c) Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Todos os gastos deberán ser xustificadas coa factura correspondente

4º.- Entidades beneficiarias. Requisitos

Poderán ser beneficiarias deste tipo de subvencións as asociacións de pais e nais de alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo que estean inscritas de acordo coa normativa aplicable e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.
- b) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Que teñan realizado actividades formativas para pais e nais de alumnos de centros educativos sostidos con fondos públicos obxecto desta subvención.
- g) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral.
- h) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo, con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30-06-2016).

- i) Non percibir outras subvencións para a mesma finalidade que illada ou conxuntamente supere o custo da actividade subvencionada.

5º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art. 16.4 a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa emenda a través da presentación electrónica da solicitude. Para estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal "considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda"

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de VINTE DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación dun extracto da convocatoria no BDNS, e no BOP de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3 b), 18 e 20.8). Así mesmo, publicarase as bases no Taboleiro de Anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios) e na páxina web (www.concellodelugo.gal). As sucesivas publicacións deste procedemento faranse a través do Taboleiro de Anuncios do Concello.

6º Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

- Solicitude, segundo o modelo ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar coas diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.
- Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante e documentación acreditativa da representación (esta documentación non será necesaria no caso de que a persoa representante actúe a través de certificado dixital de representante de persoa xurídica ante as administracións públicas).
- Declaración expedida polos órganos representativos da entidade na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio precedente.
- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o ANEXO II, que poderá vir acompañado da memoria que se estime máis conveniente para a execución do proxecto para subvencionar.
- Declaración responsable, segundo modelo que figura como ANEXO III destas bases, acreditativa:
 1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 2. De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.
 4. De que a entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
- Certificación bancaria na que figure o IBAN e número de conta da entidade solicitante.
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

7º.- Procedemento

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 68/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

1. Presentadas as solicitudes polas/os representantes da asociación en calquera dos lugares establecidos legalmente, remitiránse ao Servizo de Educación, que procederá a instruír o procedemento. A presentación da solicitude supón por parte da/o solicitante a aceptación incondicional do establecido nestas bases, así como do previsto no resto da normativa estatal ou autonómica aplicables ás subvencións. Todas as solicitudes deberán vir acompañadas da documentación establecida nesta convocatoria, acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases.

2. O órgano instrutor será un/unha técnico/a competente do Servizo de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os tenentes de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os conforme o acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, do 17/06/2019.

3. A valoración das solicitudes realizaraa unha comisión de valoración constituída para o efecto, e que terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: Xefe/a Servizo Educación Concello de Lugo

Suplente: Pedagoga do Servizo de Educación

- Vogal: Funcionario/a Servizo Intervención

Suplente: Funcionario/a Servizo Intervención

- Secretaria/o: Xefa de Sección de Atención ao cidadán

Suplente: Directora da escola infantil municipal

4. Unha vez recibidas as solicitudes, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo (lugo.gal/portal/tablonanuncios) una listaxe motivada de admitidas/os e excluídas/os no procedemento, e abrirase un prazo de 10 días hábiles para a emenda por parte das/os solicitantes dos erros ou da documentación xustificativa non achegada. Incluída esta documentación, publicarase polo mesmo medio unha listaxe definitiva de admitidas/os e excluídas/os do procedemento. En caso de que no citado prazo non achegue ou emende o requirido, terase por desistido da súa petición.

5. Valoradas as solicitudes recibidas, procederase á publicación dunha listaxe provisional no Taboleiro de Anuncios do Concello das/os solicitantes para quen se propón a concesión da subvención así como, de ser o caso, as solicitudes desestimadas especificarase a causa de desestimación, e establecerase un prazo de 10 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, procederase á publicación polos mesmos medios da listaxe definitiva das solicitudes subvencionadas así como daqueloutras non subvencionadas xuntamente coa causa da súa desestimación.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BDNS e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada.

8º.- Criterios de valoración

O criterio para a adxudicación da subvención será o cumprimento do establecido nestas bases, que a subvención vaia destinada á formación dos pais/nais do alumnado, así como a acreditación documental de que os gastos foron destinados a este fin.

9º.- Xustificación do gasto

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través de medios electrónicos nos termos dispostos no punto 5 destas bases, e ata o 30 de novembro de 2023, toda a documentación acreditativa da realización das actividades obxecto desta subvención, certificado acreditando a realización da actividade, facturas (certificando que foron efectivamente aboadas) detalladas e xustificativas do gasto para a actividade subvencionada. Non se procederá ao aboamento da subvención cando non se xustifique documentalmente a realización da actividade e que o gasto foi dirixido especificamente para este fin.

Se o 30 de novembro de 2023, a entidade beneficiaria no presentara a xustificación ou a xuízo da oficina xestora non reúne os requisitos necesarios, concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, e advertiráselle de que de non facelo se lle terá por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipos.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira. En todo caso estarase ao disposto no artigo 18 da Ley 11/2021, de 9 de xullo de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira"

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos perceptores, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente

deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. En todo caso deberán acreditar práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

10º.- Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 10% do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativos ó 10% refírese ó 10% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir nas contías non xustificadas, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustifico non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederán, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

11º.- Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.
4. A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Aos ditos efectos, logo da tramitación previa do expediente oportuno, poderanse impoñer as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requerimento adicional.

12º.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos ou que existan incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

13º.- Órgano competente para a resolución do procedemento

Conforme ao establecido no artigo 17.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e segundo o Acordo 28/452 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nas/os tenentas/es de alcaldesa delegadas/os da área e nas/os concelleiras/os delegadas/os, así como tendo en conta o establecido no Decreto nº 2973/2021, do 16/04/2021, de organización municipal, o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión da subvención é o Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.

CUARTO.- Que se proceda á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no BDNS e no portal de transparencia, e con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da publicación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Lugo, 28 de agosto de 2023.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO, Felipe Rivas Jorge.

ANEXO I**CONCELLO DE LUGO**

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DIRIXIDA A ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPAS) DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO, PARA O EXERCICIO 2023

DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE

NOME:		CIF:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:				CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:
CARGO NA ASOCIACIÓN:		
CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		

DATOS DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

DENOMINACIÓN:
ORZAMENTO:
SUBVENCIÓN SOLICITADA:

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.
- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.
- Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

Lugo, a de de 2023

Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos anexos.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante e documentación acreditativa da representación (esta documentación non será necesaria no caso de que a persoa representante actúe a través de certificado dixital de representante de persoa xurídica ante as administracións públicas)
 - Declaración expedida polos órganos representativos da entidade na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio precedente.
 - Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o Anexo II, que poderá vir acompañado da memoria que se estime máis conveniente para a execución do proxecto para subvencionar.
 - Declaración responsable, segundo modelo que figura como ANEXO III destas bases, acreditativa:
6. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 7. De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 8. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.
 9. De que a entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 10. De que o persoal que desenvolve as súas funcións na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
- Certificación bancaria na que figure o IBAN e número de conta da entidade solicitante.
 - Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

ANEXO II**MODELO NORMALIZADO DA MEMORIA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2023**

DENOMINACIÓN DA/S ACTIVIDADE/S:

--

MOTIVACIÓN/XUSTIFICACIÓN: (Explicar os motivos que levan á asociación a realizar esta actividade/s e non outras).

--

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN: (detallar exactamente en que consiste a actividade para a cal se solicita a subvención).

--

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE. (que se pretende conseguir con esta actividade, sempre relacionado cos fins da subvención)

--

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se van a realizar as actividades e accións preparatorias)

--

LUGAR PREVISTO PARA A REALIZACIÓN (indicar onde se celebrará)

--

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

a) Recursos materiais:

--

b) Recursos humanos:

--

c) Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR:

Concepto	importe

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACTIVIDADE A SUBVENCIONAR

Concepto	importe

Lugo, a de de 2023

Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO III

MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a-----
 provista/o do NIF nº-----en calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) -----
 da asociación -----con enderezo social
 en-----
 de Lugo e con CIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI
 NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de 2023

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:

R. 2774

TABOADA*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 30.08.2023 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 30.08.2023 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS no marco do Plan Provincial Único 2023 da Excm. Deputación de Lugo PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023.**

- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.260,00**
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **4 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 30 de agosto de 2023.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2809

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO***Anuncio*

ESTRATO DO ACORDO Nº 20/564 DA XUNTA DE GOBERNO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DO 20/07/2023 POLO QUE SE APROBAN AS BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ÁS ASOCIACIONES DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (ANPAS) DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO

BDNS(Identif.):714186

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/714186>)

1º.- Obxecto e finalidade da subvención.

Estas bases teñen por obxecto a concesión dunha subvención ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado.

2º.- Contía que se vai subvencionar.

O importe inicial destinado a estas axudas ascende a 10.000 €. A convocatoria financiarase con cargo á partida 3200048900 do vixente orzamento do Concello de Lugo.

Ao terse establecido como exceptuado o requisito de fixar unha orde prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, establécese un límite máximo de 2.000€ por asociación, sempre e cando non se supere o orzamento de 10.000 €. De ser así, reducirase proporcionalmente o límite máximo.

3º.- Actuacións subvencionables

A subvención terá que ir dirixida a actividades formativas para pais e nais de alumnos/as de ANPAS de centros educativos sostidos con fondos públicos, sen que en ningún caso poida estar destinada a eventos de carácter lúdico nin á realización de actividades extraescolares do alumnado. Poderán subvencionarse actividades destinadas a familias nas que participen as nais/pais/ ou titores legais xunto cos seus fillos e fillas.

Terán a consideración de gastos subvencionables, de acordo co disposto no parágrafo anterior, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art. 16.4 a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa emenda a través da presentación electrónica da solicitude. Para estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal “considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda”

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de VINTE DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación dun extracto da convocatoria no BDNS, e no BOP de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3 b), 18 e 20.8). Así mesmo, publicarase as bases no Taboleiro de Anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios) e na páxina web (www.concellodelugo.gal). As sucesivas publicacións deste procedemento faranse a través do Taboleiro de Anuncios do Concello.

6º Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

Solicitude, segundo o modelo ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar coas diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

Fotocopia do NIF da persoa que actúe como representante e documentación acreditativa da representación (esta documentación non será necesaria no caso de que a persoa representante actúe a través de certificado dixital de representante de persoa xurídica ante as administracións públicas).

Declaración expedida polos órganos representativos da entidade na que se faga constar o número de socios ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio precedente.

Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. segundo o ANEXO II, que poderá vir acompañado da memoria que se estime máis conveniente para a execución do proxecto para subvencionar.

Declaración responsable, segundo modelo que figura como ANEXO III destas bases

Certificación bancaria na que figure o IBAN e número de conta da entidade solicitante.

Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

7º.- Procedemento.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 68/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8º.- Criterios de valoración.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 68/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9º.- Xustificación do gasto.

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través de medios electrónicos nos termos dispostos no punto 5 destas bases, e ata o 30 de novembro de 2023, toda a documentación acreditativa da realización das actividades obxecto desta subvención, certificado acreditando a realización da actividade, facturas (certificando que foron efectivamente aboadas) detalladas e xustificativas do gasto para a actividade subvencionada. Non se procederá ao aboamento da subvención cando non se xustifique documentalmente a realización da actividade e que o gasto foi dirixido especificamente para este fin.

Se o 30 de novembro de 2023, a entidade beneficiaria no presentara a xustificación ou a xuízo da oficina xestora non reúne os requisitos necesarios, concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, e advertiráselle de que de non facelo se lle terá por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipos.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas.

10º.- Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida máis o 10% do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día, enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativos ó 10% refírese ó 10% do orzamento da actividade presentada con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

11º.- Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.
2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.
4. A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

12º.- Revogación

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos ou que existan incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

13º.- Órgano competente para a resolución do procedemento

Conforme ao establecido no artigo 17.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e segundo o Acordo 28/452 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nas/os tenentas/es de alcaldesa delegadas/os da área e nas/os concelleiras/os delegadas/os, así como tendo en conta o establecido no Decreto nº 2973/2021, do 16/04/2021, de organización municipal, o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión da subvención é o Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.

Lugo, 28 de agosto de 2023.- O Concelleiro Delegado da Concellería de Educación e difusión do coñecemento, Felipe Rivas Jorge.

R. 2760